

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE XUÑO DE

2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de xuño de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Non asisten, con escusa, dona Erundina Prado Arcay, do PSdeG-PSOE, don Antón Otero Domínguez, do BNG, e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás dúas sesións extraordinarias de 21 de maio, sesión ordinaria de 29 de maio, e sesión extraordinaria de 4 de xuño de 2008

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás dúas sesións extraordinarias de 21 de maio, sesión ordinaria de 29 de maio, e sesión extraordinaria de 4 de xuño de 2008.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos n.º 2/2008, de suplemento de crédito e crédito extraordinario

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego de data 16 de xuño actual, coas modificacións incluídas na Comisión Informativa de data 24 de xuño de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 24 de xuño actual.

Aberto debate, don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, expón que o seu grupo está de acordo en apoiar a proposta coas modificacións incluídas na comisión informativa.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE, manifesta que quere explicar unha cuestión de carácter técnico respecto da subvención de 6.000 € vinculada a APEM segundo o ditame da comisión informativa. Debe modificarse o ditame e incluír só 3.000 € en vez de 6.000 porque, como xa lle dixo ao voceiro do BNG, que foi quen propuxo esta partida, os outros 3.000 xa están consignados no orzamento de 2007, e como son un remanente do ano pasado que xa está asinado, non ten ningún problema para o seu cobro, así que o resultado final son os 6.000 euros dos que se falou na comisión informativa.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, amosa a súa alegría porque se chegara a este acordo entre todos, e porque se aceptaran dúas propostas que fixo o BNG que lle parecían importantes e urxentes, unha a de recoller e recuperar a subvención para a Asociación pro enfermos mentais, e outra, elevar ata un punto que, aínda que non sexa suficiente, si mellora substancialmente as cantidades recollidas o ano pasado para a Asociación de música Sementeira. Deste xeito di que se pode parchear a situación momentaneamente, pero tamén quere aproveitar para facer un chamamento serio ao goberno para que presente rapidamente os orzamentos xerais do ano, porque senón van ser moitas cousas as que queden atascadas. Pensa que hai disposición de todos os grupos municipais para poder levar a cabo unha negociación seria para sacar adiante o orzamento, e pensa que o que falta é a iniciativa do goberno para que iso se faga.

Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar a prol da proposta, pero agardando que se presente coa máxima urxencia posible o documento do orzamento.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que por unha parte se alegra do grao de acordo que houbo acerca desta proposta, pero que por outra parte, como xa dixo o voceiro do BNG, lamenta que a estas alturas do ano non se teña presentado o proxecto de orzamentos, que xa é hora de que se aprobe, e andar evitando este tipo de modificacións. En todo caso, como xa dixeron na comisión informativa, o seu grupo vai votar a prol da proposta.

Sometido a votación ordinaria o ditame da comisión informativa, coa modificación da partida de APEM, que queda en 3.000 € votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de **suplemento de crédito e crédito extraordinario** número 2/2008 por importe de 668.859,86 euros nas partidas orzamentarias seguintes:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Suplemento de crédito	Crédito definitivo
300.441.611	Investimentos en saneamiento e abastecemento	485.798,68	100.200,00	585.998,68
400.451.622	Investimentos en edificios culturais	52.000,00	230.551,54	282.551,54
101.452.622	Investimentos en instalacións deportivas	35.000,00	156.260,56	191.260,56
	Subtotal	572.798,68	487.012,10	1.059.810,78
Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Crédito extraordinario	Crédito definitivo
401.313B.48000	A.P.E.M	0,00	3.000,00	3.000,00
403.422.420	Convenio con UNED	0,00	3.000,00	3.000,00
400.451.48901	Escola de Baile Sementeira	0,00	52.200,00	52.200,00
400.451.48902	Fundación Wenceslao Fernández Flórez	0,00	9.000,00	9.000,00
400.451.48903	Convenio A Xuventude de Cecebre	0,00	1.601,76	1.601,76
400.451.48904	Colaboración Premios Blanco Amor	0,00	360,00	360,00
101.452.48901	Club Ciclista Cambre	0,00	27.606,00	27.606,00
101.452.48904	Convenio delegación fútbol sala Cambre	0,00	5.200,00	5.200,00

101.452.48905	Convenio agrupación polideportiva: baloncesto	0,00	13.760,00	13.760,00
101.452.48906	Convenio asociaciónes clubs de fútbol	0,00	28.000,00	28.000,00
101.452.48907	Convenio Béisbol Cambre	0,00	2.120,00	2.120,00
400.721.47001	Convenio Act. Promoción Empresarial Feira Cambre	0,00	12.000,00	12.000,00
400.721.47002	Convenio Act. Promoción Empresarial Feira Temple	0,00	6.000,00	6.000,00
400.721.47003	Convenio Empresarios Polígono Espírito Santo	0,00	18.000,00	18.000,00
	Subtotal		181.847,76	181.847,76
	Total		668.859,86	

Nas que as partidas orzamentarias de investimentos corresponden aos seguintes proxectos:

Partida	Proxecto		Importe
400.451.622	05-2-451000	Escola de Música	230.551,54
101.452.622	04-2-452000	Campo de fútbol de herba sintética	156.260,56
300.441.611	08-2-441002	Saneamento na Cuesta da Tapia	100.200,00
		Total	487.012,10

A devandita modificación financiarase con cargo ao **remanente líquido de tesourería**.

Remanente de Tesourería para gastos xerais total resultante da liquidación de 2007	2.241.012,55
Disposto no expediente de incorporación de remanentes 1/2008	890.709,27
Disposto neste expediente	668.859,86
Cantidade de remanente sobrante	681.443,42

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efetuar as reclamacións que consideren oportunas.

Dada a urxencia en dispoñer dos créditos, o expediente considérase inmediatamente executivo unha vez aprobado polo Pleno, sen prexuízo das reclamacións que procedan.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

3º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2008

Vista a proposta conxunta da concelleira de Cultura e Turismo, e do concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, de data 17 de xuño actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 24 de xuño actual.

Aberto debate, dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai manter o voto de abstención emitido na comisión informativa.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que tamén o seu grupo mantén a súa posición de abstención, porque non consideran suficientes as explicacións que se deron na comisión informativa. Di que detectaron unha rebaixa sensible nalgunha das partidas destinadas a subvencións sen ánimo de lucro, en concreto no caso das ANPAS. Tamén detectaron que na partida destinada a “Outras entidades non lucrativas”, como poden ser as comisións de festas, comités parroquiais, etc., hai unha rebaixa que pasa dos 49.400 euros no 2007, a 23.716 euros este ano. Explica que non van votar en contra da proposta, pero pensan que non é no apoio ás entidades sen ánimo de lucro onde se deben recortar as partidas.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro do PSdeG-PSOE, expón que cando se fala dunha rebaixa na consignación á Federación de ANPAS, hai que ter en conta que a cantidade de 7.900 euros corresponde ao período de xaneiro a xuño de 2008, e que os 7.000 euros restantes afectarían aos meses de setembro a decembro. Explica que como hai pendente a sinatura dun convenio coas ANPAS para levar as actividades extraescolares, resérvanse eses 7.000 euros, que así poderán ser incluídos noutras subvencións que se veñen facendo a prol dos centros escolares, como por exemplo premios en concursos de pintura, fotografía, etc.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a convocatoria destas subvencións fala do ano 2008, non especifica semestres nin trimestres. De todos modos di que se iso vai ser así, xa se verá no documento definitivo dos orzamentos que lles teñen que presentar, onde deberá figurar como unha partida específica para isto. Pensa que nese momento sería cando

se debería diminuír a partida, non agora, pero que en todo caso, esa é unha decisión que o goberno ten que tomar, e que o BNG só espera que saian ben as cousas e que non se vexan prexudicadas as ANPAS.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por seis votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2008, que se achegan como anexo I.

Segundo: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, así como darlle publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tirada da provincia e mediante cartas personalizadas a todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal.

4º Mocións

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, solicita dar lectura a unha moción urxente que o seu grupo presenta neste momento.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaoto concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

A) Moción do grupo municipal popular para a iniciación do expediente de contratación dos contratos de depósito e conta corrente no Concello de Cambre

Consta do seguinte teor literal:

“Nas últimas datas o concelleiro delegado de Facenda e Promoción Económica tomou a decisión unilateral de trasladar os fondos que se atopaban depositados nunhas entidades bancarias a outro banco. Sen entrar a valorar a lexitimidade que lle otorga o seu cargo para realizar este tipo de operacións, levantou as suspicacias de moitos dos concelleiros deste pleno o feito de que a entidade á que se lle trasladaron os fondos sexa a mesma que patrocina as actividades empresariais privadas dese concelleiro, polo que polo menos debemos

cualificar esta decisión como pouco ética, máis se cabe cando estas relacións empresariais son un motivo evidente que lle debería ter levado a absterse na decisión.

Pero o que máis nos preocupa é o que perdeu o Concello de Cambre con esta decisión unilateral. A obra social dunha das entidades nas que se atopaban depositados os fondos ata agora leva anos subvencionando a numerosas entidades sen ánimo de lucro do noso municipio, leva anos patrocinando actividades sociais municipais e nas últimas datas tiña tomado a decisión de adxudicarlle ao Concello de Cambre un vehículo adaptado para minusválidos valorado en 36.000 euros. Todo isto está a punto de perderse por culpa dunha decisión que xa sexa lexítima ou interesada, sen dúbida foi incorrecta e innecesaria.

Dende o grupo municipal do Partido Popular neste concello manifestamos a nosa preocupación por este tipo de manobras cos fondos públicos municipais, que non fan máis que levantar as sospeitas e a desconfianza cara a un equipo de goberno falto de transparencia. Entendemos pola súa parte que a oferta das entidades bancarias é altamente variable no tempo, pero tampouco é menos certo que a adxudicación a medio prazo dos contratos de depósito e conta corrente, mediante un procedemento de contratación xusto e transparente, nos permitirá conseguir unhas boas condicións de rendibilidade do diñeiro público, que non só terá que calcularse por un tipo de interese concreto, senón por todos aqueles servizos que as entidades participantes poidan ofrecerlle aos veciños de Cambre.

Por estes motivos o grupo municipal do Partido Popular no Concello de Cambre solicita a este pleno a declaración de urxencia desta moción, polo que presenta para o seu debate e posterior aprobación polo mesmo pleno municipal as seguintes PROPOSTAS

Primeira: Solicitar á Intervención e á Secretaría municipais que realicen un informe sobre a viabilidade e as distintas alternativas que existirían para a contratación, mediante procedemento aberto ordinario, dos contratos de depósito e conta corrente neste concello.

Segunda: No seu caso e unha vez acreditada a viabilidade dos contratos a través do anterior informe, requirir ao equipo de goberno para que entregue aos distintos voceiros dos grupos municipais polo menos cunha semana de antelación antes da próxima xunta de voceiros unha proposta de prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexeran os contratos de depósito e conta corrente deste concello. Ambos pregos serán sometidos a votación para a súa aprobación, se procede, no vindeiro pleno ordinario desta corporación.

Terceira: Encomendar á mesa de contratación deste concello a facultade de realizar a proposta de adxudicación que considere máis conveniente para os intereses de Cambre.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, dille ao Sr. Cubeiro que o seu escrito está cheo de mentiras, porque non está formulando dúbidas ou preguntas, está facendo afirmacións que non son certas. Respecto da afirmación de que a entidade á que trasladou os fondos é a mesma que patrocina as súas actividades privadas, dille que a entidade que inaugurou o curso académico da escola que el dirixe foi o Banco Popular, e o concello non ten conta nese banco. Son sete ou oito as entidades coas que traballan, e cunhas teñen conta e con outras non. Di que a súa xestión é totalmente transparente.

Continúa dicindo que respecto da afirmación de que “o que lles preocupa é o que perdeu o Concello de Cambre con esta decisión unilateral”, cando hoxe leu ‘La Opinión’ quedouse perplexo co que dicía o Partido Popular, polo que se puxo en contacto co responsable da Obra Social para saber que había de certo nesas manifestacións. A resposta que lle deu don Manuel Doldán Pita, director de relacións institucionais de Caixa Nova, é que nada diso era certo, e que lle daba permiso para dicir no pleno que Caixa Nova mantiña todo o seu apoio ao Concello de Cambre, e que incluso o ía incrementar.

Polo que se refire a esa xestión tan personalista da que fala o Sr. Cubeiro, ofrécelle os datos concretos, e dille que dende o 1-7-2006 ao 30-6-2007, o concello recadou por intereses financeiros 85.957 euros. No tempo que el leva de concelleiro de Facenda, que é practicamente dende o mes de agosto pasado, porque a toma de posesión foi en xullo, ingresáronse 148.831 euros, o que supón un incremento do 62%. Ademais a media mensual dos últimos seis meses por ingresos por intereses financeiros, é de 14.175 euros. Se se trasladase a todo un ano suporía que os intereses financeiros do concello pasarían a ser de 170.000 euros, é dicir, coa súa xestión duplicaríanse os anteriores resultados.

En canto á pregunta de a onde vai o diñeiro, quere explicar que cando el chegou, todas as contas estaban ao denominado “tipo de interese da Xunta”, que se ben sería un tipo de interese elevado para unha familia, ou para un particular, é moi baixo para un cliente que ten 1, 2 ou 3 millóns de euros. Por iso calcularon canto diñeiro non lles facía falta e sacárono a poxa, ao ofertante que ofrecía máis. Iso é o que provocou esa diferenza nos intereses obtidos. A primeira poxa ganouna Caixa Nova, non o Banco Pastor como insinuou o PP, porque a el quen o patrocina é a Fundación Pedro Barrié de la Maza, que por outra parte é unha

institución sería. A segunda poxa tamén a ganou Caixa Nova, foi a terceira poxa a que ganou o Banco Pastor. A cuarta ganouna Caixa de Pensións.

Conclúe dicindo que lle pide ao PP un pouco de respecto e que non poñan en dúbida a súa honorabilidade, porque xa lle tiña dito ao Sr. Cubeiro que hoxe lle ía entregar toda esta documentación, e se tivera agardado dous ou tres días, teríase aforrado todo isto.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o Sr. Salcines dixo que a súa xestión foi moi boa, pero el quere preguntarlle aos presentes se saben canto subiron os intereses este ano, porque esa subida é moi importante para entender porque se incrementaron os ingresos do concello.

Tamén lle quere dicir que acaban de aprobar unha modificación de crédito de 700.000 euros. Ese diñeiro que está nas arcas municipais tería que ter estado hai meses nas asociacións, que están agardando por el, e cuxa economía languidece porque o Sr. Salcines non é capaz de facer os orzamentos municipais. Eses 700.000 euros que acaban de aprobar significan máis de 9.000 euros de intereses que está cobrando o concello dun diñeiro que deberían ter xa as asociacións.

Engade que a Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no seu artigo 28 establece que é motivo de abstención “*Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidera influír a de aquel...*”. Dille ao Sr. Salcines que el é unha persoa interesada neste caso, porque a Escola de Finanzas é a súa empresa, e as clases se imparten “*nun dos edificios máis emblemáticos da arquitectura galega, a sede coruñesa da Fundación Pedro Barrié*”. El non quería ter falado de nomes, pero é certo o que dixo o Sr. Salcines de que o labor da fundación é serio e loable, igual que o é a obra social das caixas, di que non é esa a cuestión, que a cuestión é que o Sr. Salcines debería terse abtido nisto, e non só non o fixo, senón que foi o promotor dos cambios. O Sr. Salcines é o director executivo da Escola de Finanzas, e a sede académica atópase na Fundación Pedro Barrié de la Maza, e polo tanto, existen uns intereses. Non está a dicir que sexan intereses corruptos, nin moito menos, pero hai uns intereses e, polo tanto, tería que terse abtido.

Conclúe dicindo que coa súa moción o PP está pedindo que a Mesa de Contratación, que está legalmente constituída, sexa a que se encargue desta contratación.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, agradece que non se fale de intereses corruptos, e respecto da mesa de contratación parécelle ben, porque xusto iso é o que defende, claridade e transparencia. Pero tamén quere que quede claro que as ofertas que se presentaron foron claras, cada entidade presentou unha oferta (dá lectura aos intereses ofertados polas distintas entidades bancarias), e ganou a que máis ofertou, nunha ocasión foi o Banco Pastor, pero noutras non, precisamente na última non o foi. Non obstante, di que se o PP vai quedar máis tranquilo cunha mesa de contratación, ten todo o seu apoio.

Conclúe pedindo que para outras ocasións, antes de acusar, agarden a que lles informen, porque coa información vanse dar conta de que a xestión é honrada e eficiente.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que quere finalizar dicindo que o diferencial do que están falando representa algo menos de 1.200 euros ao trimestre, polo que o Sr. Salcines está a defender unha xestión extraordinaria cando so se trata de 1.200 euros, e un labor social da Caixa que está en interdito.

Don José Venancio Salcines Cristal volve reiterar que a obra social non está en interdito, di que quen informou ao Sr. Cubeiro fíxoo mal, porque iso non é así. O apoio existe, e incluso entidades como Caixa Galicia, que antes non facían ningunha actividade no Concello de Cambre, agora si as fan. E respecto de Caixa Nova, ante as noticias aparecidas nos medios, reiteraron o seu apoio, e incluso dixeron que o fan incrementar.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, amosa o seu asombro porque estean aquí falando de tipos de interese e de operacións a prazo, porque a el o que realmente lle chamou a atención foi ver resolucións nas que se adjudicaron depósitos a prazo fixo nun período de tempo no que o concello contaba cunha conta de acreedores, empresas e entidades, que levaban meses agardando para cobrar o seu diñeiro.

Di que non sabe se os datos que deu o Sr. Salcines se poden tomar polo lado positivo, que o feito de ganar máis de 100.000 euros de intereses ten que contarllelo ás entidades que botaron máis dun ano para recibir as súas subvencións, ás comisións de festas, aos provedores, pequenas empresas, que viron como o concello obtiña ganancias co seu diñeiro a prazo fixo. Di que el entende que, unha vez pagado e liquidado todo, cando sobra algo, hai que mirar que o pasivo renda algo, pero que o que se fixo aquí parecen operacións de monopoli, ou con cartos que non son dun. Unha boa xestión do diñeiro público consiste en pagar as cousas, e tamén en presentar uns orzamentos para poder comezar a xestionar o diñeiro e a gastalo.

Segue a dicir que non pensa que o texto da moción estea facendo acusacións, senón que unicamente manifesta dúbidas sobre a xestión. El non o tería redactado así, pero posiblemente esas dúbidas non xurdirían se o Sr. Salcines tivera contestado nun tempo razoable á petición que fixo o BNG por escrito, a principios deste mes, na que solicitaba unha serie de informes, e que lle foi reiterada hai dous días na comisión informativa, e escudouse nas baixas laborais e no cúmulo de traballo.

Di que o problema non é que haxa irregularidades, o problema é que hai unha mala xestión política e económica do diñeiro público, e niso non vai poder facer que cambien de idea, cando a estas alturas aínda non hai orzamento, e cando as primeiras débedas do ano pasado comezaron a pagarse en marzo, iso non é para estar satisfeitos.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que está claro que non se pode negar que o actual goberno de Cambre se atopou cunha serie de facturas e demoras que deixou o anterior goberno, do que o Sr. Iglesias formaba parte. Para solucionar isto tomaron decisións como foi incrementar o departamento de Tesourería, contratando unha tesoureira, de cara a axilizar os pagos cuxo prazo medio é de catro meses, o cal reconece que é unha vergonza, pero que están intentando solucionalo. Tamén existe unha proposta para incrementar o departamento de Intervención cunha persoa que axilice os pagos. Di que lle gustaría que cando hai dous anos o Sr. Iglesias formou parte do equipo de goberno, tivera feito algo así, e non que o diga agora.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pídelle ao Sr. Salcines que non lle bote a culpa aos demais do que é a súa responsabilidade. O Sr. Salcines leva un ano sendo concelleiro de Facenda, mentres que el na anterior lexislatura foi concelleiro de Cultura e Benestar Social, nin foi concelleiro de Facenda, nin foi alcalde, que son os que directamente son responsables da xestión económica. Non sabe con que débeda se atopou o Sr. Salcines, pero si sabe que durante os anos 2004-2005, todos se tiveron que apertar moito o cinto e se fixo moito por axilizar os pagos e solucionar os atrasos. Di que el nunca tivo responsabilidade directa nesa materia, compartida si pode aceptalo, pero o Sr. Salcines leva case un ano de concelleiro de Facenda e vai sendo hora de que deixe de botar culpas a outros e vivir de rendas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que o Sr. Salcines acaba de deixar en evidencia ao anterior responsable de Facenda, porque parece que a súa xestión é moito mellor. En todo caso, para o seu grupo os acontecementos postos de manifesto con esta moción indican que con urxencia esta corporación debería elaborar un

código ético para os cargos públicos que son aquí representantes. Un código ético que delimite cando se deben abster de intervir, e que é o que se debe e non se debe facer. Anticipan que para o vindeiro pleno van presentar unha moción relativa á creación dun código ético da corporación municipal.

A secretaria da corporación informa que respecto do punto 2º da proposta, na última alínea, deberían poñer outro tipo de control sobre os pregos de cláusulas administrativas, porque o pleno da corporación é un órgano manifestamente incompetente para acordalo. O competente é o órgano de contratación. Di que habería que cambiar a redacción por outro tipo de proposta, como pode ser levalo á Xunta de Voceiros para acadar un consenso, ou outra fórmula similar, porque a aprobación do prego de cláusulas administrativas corresponde ao órgano de contratación.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, expón que aínda que non estean de acordo con algunha das matizacións que se fan no escrito, si agradecen ao PP o labor crítico e fiscalizador da actuación do goberno, por iso, prescindindo da exposición de motivos, o seu grupo si está de acordo coas propostas resolutivas, coa matización feita pola secretaria relativa ao punto 2º, cuxa redacción definitiva podería tratarse nunha xunta de voceiros.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que pola súa parte non hai ningún problema en aceptar a proposta do Sr. Taibo, o seu grupo está disposto a consensuar un acordo nese sentido, en prol dunha mellor fiscalización das actuacións.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que pensa que respecto da proposta do Sr. Taibo están todos de acordo, e propón que se chegue a unha proposta conxunta sobre a creación do código ético, amosar unha postura común e facilitar a executividade desa proposta.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece a intervención do Sr. Varela porque hai xa tempo que o seu grupo presentou unha moción para a creación dun código ético, moción que se aprobou por unanimidade, pero que pasados 10 anos aínda non se levou a cabo. Pensa que é moi necesaria, sobre todo tendo en conta os acontecementos que están pasando no país relativos a este tipo de asuntos.

O Sr. alcalde pregunta se queren votar a moción ou se se retira da orde do día para poder presentar una proposta conxunta de todos os grupos.

A corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, acorda retirar a moción dos asuntos do día, para poder chegar a unha redacción consensuada na Xunta de Voceiros.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que agarda que no próximo pleno o Sr. Salcines poida dicir algo sobre o vehículo que Caixa Nova tiña previsto entregar ao Concello de Cambre.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que hoxe mesmo, dende Caixa Nova, confirmáronlle que o concello ten concedida unha axuda de 36.000 euros, que en principio sería para un vehículo adaptado, pero que ante a previsión de que a Xunta de Galicia outorgue este tipo de vehículos en breve, entón poderíase aplicar ese importe a outros gastos que estean en consonancia cos obxectivos da obra social de Caixa Nova. Unha vez que o concello poida confirmar as intencións da Xunta, poderase decidir se a axuda de Caixa Nova se dirixe a un vehículo adaptado ou a outro tipo de axuda.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Moción do grupo municipal popular para a mellora da sinalización no concello

Rexistrada de entrada ao núm. 7845 o día 21 de xuño de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Nas últimas semanas, os veciños da parroquia de Pravio mobilizáronse ante a deficiente sinalización de varios dos viais da parroquia e que nalgunha ocasión supuxo que se tiveran lugar accidentes en determinadas zonas. Pola súa parte, o noso grupo esixiu en varias ocasións que se mellore a sinalización na N-550 ao seu paso por Altamira para garantir a seguridade viaria na zona.

Nas últimas datas tamén se finalizaron as obras da rotonda de Catro Camiños en Pravio e a sinalización é, a todas luces, insuficiente. Ademais o noso grupo tivo coñecemento de numerosas queixas de profesionais do transporte que non son capaces de localizar os polígonos industriais de Espírito Santo nin o de Bergondo porque os seus accesos non están debidamente sinalizados nin na autovía A-6, nin na autoestrada A-9, polo que se deron moitos casos nos que os camións pesados terminan no polígono de Sabón debendo retroceder por medio de vías secundarias do interior do noso municipio.

Estes supostos son un claro exemplo de que a sinalización das distintas vías que transcorren polo noso concello é manifestamente mellorable e que unha correcta sinalización non só evitaría un risco innecesario para os veciños, senón que evitaría que os vehículos pesados terminaran circulando por vías pouco adecuadas para eles e facilitaría a actividade de numerosos profesionais e comerciantes que en moitas ocasións teñen dificultades para localizar lugares do noso concello.

Ante estes feitos, os concelleiros do Partido Popular propoñemos ao pleno de Cambre para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción dos seguintes ACORDOS

Primeiro: Instar ao equipo de goberno a que elabore con urxencia un plan de mellora da sinalización das vías do noso concello que será presentado ante este pleno no prazo de dous meses para a súa aprobación definitiva.

Segundo: Requirir ao órgano competente do Ministerio de Fomento que sinalice á maior celeridade os accesos ao polígono industrial de Espírito Santo.

Terceiro: Incluír un punto na orde do día da Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos do mes de xullo de 2008 sobre este tema e para que os distintos grupos municipais poidan traer as súas propostas concretas de mellora da sinalización nas distintas parroquias.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que o grupo de goberno é consciente da posibilidade de mellora da sinalización viaria do concello, algúns casos de menor importancia poden ser culpa do equipo de goberno, pero a maior parte dos casos, os máis importantes, son responsabilidade doutros organismos, polo que están de acordo con votar a prol desta moción, co matiz de que consideran que o punto terceiro debería ser anterior ao punto primeiro, é dicir, primeiro discutir na comisión informativa o tema, e despois elaborar o plan de sinalización. Tamén pensan que ademais de dirixirse ao Ministerio de Fomento, habería que dirixirse tamén á Xunta, porque hai vías que son da súa competencia.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que non habería problema en modificar a orde, pero eles puxérono así porque entenden que o Concello de Cambre xa ten que contar con algún proxecto de sinalización, e entón trataríase de que o resto dos grupos fixesen as súas suxestións sobre el. En todo caso, é de especial

importancia respectar os prazos, porque están falando dun problema serio, e pon como exemplo un camión que sae da autoestrada en Pravio, e que só ten un pequeno sinal que ás veces tapa a maleza, co cal o camión pode xirar en calquera dirección e chegar ao centro de Cambre co conseguinte caos viario.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo está de acordo coa moción, calquera que sexa a orde da parte dispositiva que se adopte, e suxire que o plan que se elabore se envíe tanto á administración estatal e autonómica, como tamén á provincial, porque estradas locais son as menos, e a maior parte son de competencia da Deputación ou da Xunta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, suxire que no primeiro punto, onde se refire á “sinalización das vías do concello”, el poñería “plan de seguridade viaria”, porque lle parece moito máis completo un plan de seguridade viaria que un plan de sinalización que se limitaría a poñer sinais. Di que as estradas necesitan doutro tipo de melloras máis que a simple sinalización.

Continúa dicindo que, respecto do segundo punto, coincide cos demais grupos e poñería “demais administracións con competencia neste tema das estradas”, o que xa inclúe á Deputación, Xunta e Fomento.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por unanimidade dos dezoito concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Incluir un punto na orde do día da Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos do mes de xullo de 2008 sobre este tema e para que os distintos grupos municipais poidan traer as súas propostas concretas de mellora da sinalización nas distintas parroquias.

Segundo: Instar ao equipo de goberno a que elabore con urxencia un plan de mellora da sinalización e da seguridade viaria nas vías do noso concello que será presentado ante este pleno no prazo de dous meses para a súa aprobación definitiva.

Terceiro: Requirir aos órganos competentes do Ministerio de Fomento, da Xunta e da Deputación, que sinalicen á maior celeridade os accesos ao polígono industrial de Espírito Santo.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

C) Moción do grupo municipal do BNG para a creación do Consello Municipal de Deportes

Rexistrada de entrada ao núm. 7851 o día 21 de xuño de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Cambre conta cun elevado número de entidades deportivas. Tamén con moitas asociacións que dedican unha parte importante da súa actividade ao deporte.

Son tamén elevados os investimentos municipais que se destinan ao apoio e organización da práctica deportiva. Contamos, ademais con deportistas de elite en varias modalidades. O deporte escolar a través das ANPAS ou da escolas deportivas municipais ten acadado un grande número de participantes. O deporte continua a ser un dos centros da oferta municipal nas actividades de verán.

O desenvolvemento da práctica deportiva no noso concello, e o desexo de que aumente progresivamente nos vindeiros anos, indícanos a necesidade de camiñar cara unha nova forma de xestión na que se prime a participación e a transparencia na toma de decisións e na orientación das políticas deportivas.

Acadar un “**Cambre saudábel**” ten que ser o obxectivo. Seguir a promover a práctica deportiva entre a poboación infantil, conseguir reter nestas prácticas á xuventude na etapa de secundaria e bacharelato, cando moitos e moitas a abandonan, promover entre a cidadanía maior de idade a vida saudábel e, fomentar a actividade física entre os nosos maiores, son parte dos retos que se nos presentan.

Para isto debemos por en práctica os mecanismos e métodos adecuados.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego, entendemos que é momento de dar o paso, de avanzar segundo os criterios expostos e, de contar para as novas políticas deportivas

coa participación das entidades e persoas máis involucradas na práctica deportiva en Cambre e coas que a nosa sociedade ten unha débeda de gratitude.

Por iso cremos que a constitución do Consello Municipal de Deportes servirá para estes obxectivos. Sen prexulgar neste punto o resultado e proposta definitiva de funcionamento deste organismo, si queremos apuntar uns eixes que, ao noso modo de ver, deben estar incluídos entre os seus cometidos.

O Consello Municipal de Deportes é un organismo consultivo composto por representantes municipais, presidido polo alcalde ou delegado. Contará ademais coa persoa responsable das políticas deportivas municipais e, por persoal técnico do concello en labores de asesoramento. Haberá participación de representantes das entidades e sociedades deportivas de Cambre, das entidades sociais como ANPAS ou asociacións culturais que teñan entre as súas prácticas a actividade deportiva. Regularase, así mesmo, a participación de representantes dos grupos políticos que compoñen a corporación.

A súa misión será manifestar, mediante informes, o seu criterio sobre as liñas xerais do anteproxecto de orzamentos xerais do concello aos efectos de avaliación no relativo ás materias deportivas, así como os programas municipais globais ou sectoriais do ámbito deportivo; emitir informes a petición dos órganos de goberno do Concello ou comisións informativas sobre asuntos de carácter deportivo; emitir informes ou facer propostas por iniciativa propia sobre os aspectos xerais ou concretos da política deportiva no ámbito municipal; dar a súa opinión sobre os modelos de xestión das infraestruturas deportivas, establecer canles de relación cos sectores sociais interesados ou destinatarios da política deportiva municipal; propor e/ou realizar actividades deportivas de ámbito municipal....

Non queremos esquecer que o deporte é tamén xerador de riqueza e que as empresas de servizos deportivos deberán ser tidas en conta á hora de elaborar as políticas deportivas e, polo tanto, como importante factor de desenvolvemento da nosa sociedade. Dalgunha maneira o CMD contará con elas para ditaminar as súas propostas.

Consecuentemente, solicitamos do pleno da corporación municipal que se adopte o seguinte ACORDO:

Único: O Pleno do Concello de Cambre adopta a decisión de crear o Consello Municipal de Deportes de Cambre, facultando á Comisión de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá para que elabore e propoña un texto de regulamento que se poida aprobar no pleno ordinario que se celebre no mes de setembro.

Esta proposta deberá incluír, como mínimo, os criterios expostos na parte expositiva desta moción.”

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, di que valorando con todo o respecto debido, persoal e politicamente, a postura do BNG neste tema, o seu grupo entende que vista a exposición de motivos e a proposta que se fai, existe unha certa incongruencia entre definir o Consello Municipal de Deportes que se propón como un órgano consultivo, e falar de novas formas de xestión, de atribuír facultades de promoción e fomento da actividade física, de establecer novas políticas deportivas. Entenden que iso non lle corresponde a un órgano consultivo. Tamén pensan que a política desportiva do concello nos últimos anos non é obxecto de crítica ningunha por parte de quen a practica e goza. Entenden que este consello implicaría máis burocracia e máis gasto, e polo tanto menos axilidade administrativa. Di que o que si aceptarían é que na comisión informativa correspondente, o nunha comisión informativa especial que se crease, se debatesen as vantaxes e inconvenientes da creación deste consello, pero non están de acordo coa moción.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, expón que comparten en certo modo a opinión expresada polo voceiro do PSOE. Di que é evidente que este concello está saturado, e que se se acepta a creación do consello vaise necesitar máis persoal, máis normativas, vaise complicar a situación. O seu grupo é un firme defensor da iniciativa privada, porque pensan que as asociacións privadas o fan moito mellor. Un consello municipal no que sexan escoitados e onde se teña en conta as súas propostas, estaría ben, e tamén estaría ben que o concello tivera en conta as súas opinións á hora de repartir as subvencións, pero non poden apoiar a creación dun consello que dirixa o deporte en Cambre nas actuais circunstancias, non porque non estean de acordo co fondo da moción, senón porque non consideran que o grupo de goberno estea capacitado para levalo adiante.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que lle dá a sensación de que teñen pouca memoria, porque no pleno de xullo do ano pasado aprobouse unha iniciativa onde se aprobaba a elaboración dun Regulamento de participación cidadá. Para o seu grupo é ese regulamento o que debería ser o eixe vertebrador para a creación dos diferentes consellos sectoriais, e así poderíase crear o de deportes, o de saúde, o de medio ambiente, etc. Di que se iso se tivera feito, e levan un ano sen facer case nada, entón terían evitado este debate.

Continúa dicindo que se poden crear multitude de consellos, pero o que hai é que darlles efectividade, o que hai é que dotalos de contido. Agora mesmo teñen un Consello Municipal Escolar, e levan un ano sen que se teña reunido nunca, e non é por falta de problemas no ensino de Cambre. Se agora se crea o Consello Municipal de Deportes vai pasar o mesmo. O que hai que facer é darlles contido e dotalos de orzamentos. Píde que dunha vez por todas se comece a traballar no Regulamento de participación cidadá, que como xa dixo antes, ten que ser o eixe vertebrador para a creación dos diferentes consellos sectoriais do concello.

Conclúe dicindo que, en todo caso, o voto do seu grupo vai ser a prol da moción.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que a parte dispositiva da moción é clara, consiste na creación do Consello Municipal de Deportes, poñendo uns prazos, e facendo referencia a que se recollan os criterios da parte expositiva, non que se apliquen, porque entón xa se estaría proponendo un regulamento pechado para sometelo a votación e para que entrara xa en vigor.

Di que hai quen pode considerar que a democracia é algo caro e que, polo tanto, hai que ir reducindo na democracia para abaratar custos. Evidentemente as estruturas de participación custan máis que se non existisen, e supoñen un esforzo para poñelas a funcionar que de non existir non se faría. Outra cuestión é se están ou non convencidos de que é necesaria a participación e a transparencia na xestión dos asuntos públicos. Di que na moción non hai unha crítica explícita, de maneira implícita cada quen pode entender o que queira, o que hai é un recoñecemento do punto acadado no desenvolvemento da actividade deportiva no concello, en moi diferentes chanzos, nas asociacións, nos deportistas de elite, no diñeiro que inviste o concello, na actividade deportiva escolar, etc.

Sinala que parece adecuado que esa complexidade, que esa cantidade de recursos e de traballo voluntario que é absolutamente impagable e incuantificable, e que están a realizar moitas directivas e moitos monitores, pois que teña unha canle de expresión, e que non sigamos como se fosen un concello pequeno con só tres ou catro entidades deportivas e asociacións.

Pensa que agora mesmo o nivel de desenvolvemento acadado, e sobre todo a xestión das infraestruturas públicas que se teñen, esixen unha regulación transparente do seu uso polas diferentes entidades, e un consenso entre todos. Para iso tería que servir o consello. Recoñece que vai supoñer un esforzo, tanto económico como persoal, pero pensan que teñen chegado a un punto que fai necesario un cambio, porque non se pode seguir traballando

individualmente con cada asociación, sen que unhas saiban o que se trata coas outras. É o momento da transparencia e de que se pase ao século XXI.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, manifesta que tras escoitar aos voceiros dos outros grupos, e insistindo en que pensan que o equipo de goberno non ten capacidade para levalo adiante, pero vendo que si é importante, van apoiar a moción, coas salvidades que poidan facer no momento en que se desenvolva o correspondente regulamento.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU, e votan en contra os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE.

A corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

D) Moción do grupo municipal de EU-IU para a adaptación dos parques de recreo para actividades de persoas maiores

Rexistrada de entrada ao núm. 7849 o día 21 de xuño de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Actualmente en moitos pobos da nosa comunidade comezan a crearse parques adaptados para as persoas maiores, con aparellos que posibiliten a realización de exercicio físico cun claro carácter terapéutico.

No noso municipio carecemos de lugares con ditas características, mentres podemos contemplar como noutros concellos se están creando os primeiros desta modalidade. En Cambre corresponde á corporación, e a súa vez ao grupo de goberno, buscar alternativas de lecer para os nosos maiores, que sexan á vez un elemento favorable para a súa saúde.

Os parques de maiores son equipamentos adaptados que unen a posibilidade de realizar exercicio saudable dunha forma entretida, coa creación de espazos que facilitan a relación

persoal e social entre os maiores. Estes espazos públicos, están formados por unha serie de elementos modulares adaptados para o seu uso ao aire libre.

Os diferentes aparellos permiten realizar exercicios de mantemento adaptados ás persoas maiores para extremidades superiores, inferiores e tronco. Estes aparellos están baseados nos exercicios de rehabilitación que empregan os fisioterapeutas para mellorar a forma física e a saúde das persoas.

Polo exposto, o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: No prazo máximo de tres meses o goberno municipal elaborará e someterá á aprobación do pleno, un plan de acondicionamento dos parques públicos, de duración cuatrienal, coa finalidade de que todas as parroquias do concello dispoñan, polo menos dunha destas instalacións.

Segundo: O acondicionamento dos parques para persoas maiores disporán dunha zona específica para a instalación dos aparellos adecuados para a realización de exercicios físicos e terapéuticos. O tamaño dos parques adaptarase á entidade de poboación da que se trate.

Terceiro: En canto á distribución do espazo, realizarase en función da posibilidade de distintos usos simultáneos, tanto para adultos como para nenos/as, primando como elemento básico a seguridade das persoas e a súa limpeza diaria.

Cuarto: O concello destinará unha partida orzamentaria específica para o presente exercicio (2008) e os seguintes tres anos, para levar adiante a presente iniciativa.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, di que están completamente de acordo coa moción de EU, e votarán a prol, sempre subordinando o tema a que o orzamento municipal, que se vai traer proximamente a este pleno, sexa aprobado porque, segundo información do concelleiro de Facenda, nel figura partida suficiente.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que entende que entón vai ir prevista unha partida específica para o ano 2008 e para os seguintes tres anos.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo está de acordo con esta moción, só quere dicir que é unha pena que dende o concello non se incentive máis que, grazas a unha proposta do PP, os maiores de 65 anos poden facer ximnasia gratis en todo o concello, e que non se teña promocionado máis, e que ademais de nos parques, tamén poderían acudir aos ximnasios do municipio totalmente gratis.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que en congruencia coa moción que acaban de aprobar, que pretendía un Cambre saudable, organizado da mellor maneira posible, e para facilitar tamén que as persoas maiores poidan utilizar as zonas públicas para este tipo de prácticas, van votar a prol.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por unanimidade dos dezaoto concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezaoto concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

E) Moción do grupo municipal de EU-IU rexeitando a xornada laboral de 65 horas

Rexistrada de entrada ao núm. 7849 o día 21 de xuño de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Os ministros de Traballo da Unión Europea aprobaron unha proposta da presidencia eslovena que permitirá a cada Estado membro modificar a súa lexislación para elevar a semana laboral vixente de 48 horas ata 60 horas en casos xerais, e a 65 para certos colectivos como os médicos.

Esta proposta que ten que ser tramitada en segunda volta no Parlamento Europeo, representa unha grave involución do dereito do traballo. Ameaza con rematar cunha conquista laboral de case un século de duración, como é a semana laboral máxima de 48 horas, un dereito social consagrado pola Organización Internacional do Traballo (OTT) fai 91 anos. Ademais, o texto vulnera o dereito constitucional español á negociación colectiva e introduce a

posibilidade de que o traballador/a renuncie aos seus dereitos. A proposta da Directiva é a seguinte:

- 1) Establece a posibilidade de incrementar a xornada laboral mediante un simple acordo individual entre o empresario e traballador/a, ao marxe de toda negociación colectiva.
- 2) Pretende non considerar como “tempo de traballo” os períodos nos que, aínda permanecendo no lugar de traballo ou estando dispoñible non se realice traballo efectivo, como no caso das gardas médicas.

Esta proposta aberrante choca frontalmente co obxectivo de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

Polo exposto, o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

O pleno do Concello de Cambre insta ao goberno de España a:

Primeiro: Rexeitar a revisión da Directiva europea de ordenación do tempo de traballo que pretende a ampliación da semana laboral ata 60 ou 65 horas, a súa imposición por acordo individual á marxe da negociación colectiva e a redefinición á baixa do tempo de traballo.

Segundo: Manter a primacía da negociación colectiva contemplada no artigo 37 da Constitución Española, e avanzar na redución da xornada de traballo co obxectivo de conciliar a vida familiar e laboral.

Terceiro: O presente acordo remitirase:

- Á Comisión Europea
- Aos gobernos dos 27 países membros da Unión Europea.
- Ao Parlamento Europeo”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que no Consello de Ministros de Emprego e Asuntos Sociais de Europa que tivo lugar o 9 e 10 de xuño, os gobernos de España, Bélxica, Hungría, Grecia, Chipre e Portugal, opuxéronse a esta medida, pero non puideron obter unha minoría de bloqueo suficiente.

Dende o equipo de goberno están totalmente de acordo co que expón EU, non están de acordo cunha medida desta natureza que prexudica a conciliación entre traballo e vida familiar, é contraria á seguridade e saúde no traballo, e implica someter as relacións laborais ao acordo individual entre empresarios e traballadores, reducindo a negociación colectiva e abrindo a porta a prácticas de competencia desleal entre empresas.

Di que con base en todo o anterior, e tendo en conta tanto a postura do goberno de España como a do PSOE, o equipo de goberno vai apoiar totalmente a moción de EU.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, di que o seu grupo tamén vai apoiar a moción, xa que tamén están de acordo con que esta norma que se trata de impoñer dende Europa, modifica o Estatuto dos traballadores, que actualmente prevé un máximo de 40 horas semanais, e rompería totalmente a conciliación da vida laboral e familiar.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén tiña pensado presentar unha moción neste mesmo sentido. Di que cada vez entende menos os misterios da política europea. As noticias que se teñen aquí é que o ministro de Traballo español abandonou a reunión onde se votou esta proposta, e que na votación posterior, a posición do Partido socialista europeo foi de abstención, non de votar en contra. Parécelle unha postura chocante e lamentable, aínda que as maiorías fosen outras e aínda que a posición de rexeitamento non fora a que triunfase, pero pensan que a posición española neste asunto tiña que ter sido contundente e clara. Di que se está a falar de volver á mesma situación que existía a finais do século XVIII e principios do século XIX, cando as xornadas de traballo eran de 16 horas diarias, e xurdiu o movemento de traballadores en prol das 10 horas diarias. Vólvese máis atrás das normas aceptadas pola Organización Mundial do Traballo a comezos do s.XX, e dende logo vai totalmente en contra da lexislación laboral española, cuxa tendencia é comezar a negociar a rebaixa das 40 horas nalgúns sectores. Parécelle que o goberno español non defendeu claramente a postura que toda a sociedade española defende.

Continúa dicindo que lle gustaría que na parte dispositiva da moción de EU se ampliaran algunhas das medidas a levar a cabo por esta corporación. Gustaríalle que tamén se instase á Xunta para que recolla todos os posicionamentos municipais que vai haber, que se inste ao goberno español a que en todas as reunións internacionais se defenda intransixentemente a posición contraria á ampliación da xornada laboral. Di que van votar a prol da moción, pero gustaríalles que se incorporase a súa proposta.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que o seu grupo está a prol de todo o que supoña un enriquecemento da súa iniciativa.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, di que respecto da intervención do Sr. Iglesias quere matizar que nos consellos de ministros europeos non se vota en contra, unicamente se acada unha minoría de bloqueo ou non se acada. Neste caso os países que estaban en contra da iniciativa non lograron a minoría de bloqueo necesaria. Por outro lado, di que a Directiva que se aproba no Consello de Ministros europeo, debe someterse logo a unha segunda lectura por parte do Parlamento Europeo, e a primeira lectura que se fixo foi contraria a esta decisión.

Conclúe dicindo que o contido da Directiva, en caso de aprobarse, non é vinculante para os Estados, o que constitúe é un dereito de carácter mínimo, que aínda que en España non sería aplicable, agás que tivese lugar unha reforma lexislativa, cousa moi improbable, si é certo que noutros países que se acaban de incorporar á UE, e noutros que forman parte do mundo anglosaxón, con gobernos netamente conservadores, o que queren é flexibilizar esa xornada de traballo e, evidentemente, en moitos deses novos países non existe nin sequera esta regulación mínima de 65 horas, hai liberdade total e absoluta na fixación da xornada laboral.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Rexeitar a revisión da Directiva europea de ordenación do tempo de traballo que pretende a ampliación da semana laboral ata 60 ou 65 horas, a súa imposición por acordo individual á marxe da negociación colectiva e a redefinición á baixa do tempo de traballo.

Segundo: Manter a primacía da negociación colectiva contemplada no artigo 37 da Constitución Española, e avanzar na redución da xornada de traballo co obxectivo de conciliar a vida familiar e laboral.

Terceiro: Remitir o presente acordo:

- Á Comisión Europea
- Aos gobernos dos 27 países membros da Unión Europea.
- Ao Parlamento Europeo

Cuarto: Instar á Xunta de Galicia para que recolla todos os posicionamentos municipais que se emitan neste sentido, e instar ao goberno español a que en todas as reunións internacionais defenda intrasixentemente a posición contraria á ampliación da xornada laboral.

5º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 141, de data 13 de febreiro de 2008, respecto da chamada “Rede Auriga”, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Firmar a “Carta das urbes intermedias de Galicia polo equilibrio territorial e sostibilidade”, xunto cos concellos de Ames, Culleredo, Marín, Redondela e Vilagarcía.

Segundo: Delegar a firma de adhesión do Concello de Cambre á Rede AURIGA no concelleiro delegado da área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior.

Terceiro: Dar conta da adhesión do Concello de Cambre á Rede AURIGA na seguinte sesión do pleno”.

- Da Resolución da Alcaldía núm.1.132, de data 17 de xuño de 2008, que consta da seguinte parte dispositiva:

“1º.- Aprobar e asinar o borrador de convenio remitido pola Consellaría do Medio Rural para a actuación do vehículo motobomba matrícula 7492FNZ, desde o 01/07/2008 ao 15/10/2008, na prevención e defensa contra incendios forestais.

2º.- Designar ao Coordinador de Protección Civil como representante do Concello de Cambre na comisión de seguimento.

3º.- Dar conta deste Convenio ao Pleno.”

- Da Resolución núm. 865, do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego, de data 23 de maio de 2008, pola que se aproba a liquidación do orzamento de 2007, e que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento de 2007 que de seguido se sinala:

Resumo da liquidación do orzamento:

Orzamento de gastos	Euros
Créditos iniciais	15.406.692,12
Modificacións	5.619.487,53
Créditos definitivos	21.026.179,65
Gastos comprometidos	15.784.453,50
Obrigas recoñecidas netas	13.859.500,67
Pagamentos	11.105.829,46
Obrigas pendentes de pago a 31/12	2.753.671,21
Remanentes de crédito	7.166.678,98

Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	15.406.692,12
Modificacións	5.619.487,53
Previsións definitivas	21.026.179,65
Dereitos recoñecidos	14.443.845,05
Dereitos anulados	94.974,78
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	14.348.870,27
Recadación neta	12.595.691,52
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	1.753.178,75
Exceso / Defecto de previsión	6.677.309,38

Outros datos resumo:

- deudores pendentes de cobro a 31/12, 1.963.574,84 euros.
- acreedores pendentes de pagamento a 31/12, 2.305.969,63 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 1.004.737,75 euros.
- remanente de crédito, 7.166.678,98 euros.
- remanente de tesourería total, 4.225.154,42 euros.
- exceso de financiamento afectado, 1.930.473,80 euros.
- remanente de tesourería para gastos xerais, 2.241.012,55 euros.
- capacidade de financiamento, 570.493,20 euros.

Segundo: Comunicar a resolución ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 7406, o día 17 de xuño de 2008, procedente do Ministerio de Administracións Públicas, Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, relativo á solicitude de subvención presentada polo Concello de Cambre, con cargo ás axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013. Neste escrito comunícase a concesión dunha axuda de 2.423.364,0 euros ao proxecto “Arume – Acción para a rexeneración urbana, medioambiental e económica”, cun orzamento de 3.461.948,70 euros.

6º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 7846 o día 21 de xuño de 2008.

1º Numerosos veciños da parroquia do Temple informáronnos de que a pediatra que presta servizo no ambulatorio da parroquia presta servizo exclusivamente en horario de 9 a 12 horas, polo que non lle resulta posible atender a numerosa demanda da zona. Rogamos ao equipo de goberno nos informe dos motivos que levaron a esta situación e que inicie as xestións oportunas para esixir que se dote ao ambulatorio do Temple dun servizo de pediatría con horario de mañá e de tarde.

O Sr. alcalde responde que se puxeron en contacto co doutor Louro, que é o coordinador, e díxolles que non é certo, que o pediatra ten un horario aproximado de 8:30 a 13:30 h, con

atención continuada e previa cita. Díxolles que o servizo de pediatría no concello é suficiente, que existen dous pediatras de mañá e un de tarde compartido con Carral. Tamén lles dixo que ao centro non chegaron queixas, polo que se hai algunha sería bo que lles fixesen chegar.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que xa se entregaron firmas a este respecto. Non sabe como o doutor Louro pode dicir que hai pediatra con ese horario, porque concretamente o martes desta semana o pediatra atendeu unicamente de 9:00 a 11:00 h, nunha zona onde se atopan a maior parte dos nenos de Cambre. A falta de sensibilidade é grande, non sabe se o Sr. Louro ten datos actuais, porque se entregaron firmas para a petición do pediatra de tarde, que non hai, e a maior parte das veces remiten á xente a Cambre, co que tamén colapsan o centro de saúde de Cambre.

O Sr. alcalde di que lles contestou o mesmo que a el lle contou o doutor Louro, pero que comprobarán o que está pasando e todas as peticións que haxa.

2º Nos últimos días numerosos veciños do Temple amosáronnos o seu malestar ante a escasea de prazas escolares no colexio do Graxal II. Nalgúns casos dende o Concello de Cambre contestóuselle que terían que escolarizar aos seus fillos de 3 anos no colexio de Brexo-Lema. Ante esta situación, rogamos se nos informe de cal é o estado actual de capacidade dos colexios da parroquia do Temple, que medidas está adoptando o equipo de goberno para paliar esta situación, cando empezará a construírse o novo colexio e finalmente, se ten previsto o goberno municipal que haxa nenos do Temple que non poidan ser escolarizados este curso por falta de prazas nos colexios.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro do PSdeG-PSOE, responde que dende o concello, os centros e a Comisión de Escolarización, fixéronse todas as xestións posibles para que os nenos puideran ser escolarizados. A Delegación de Educación pediulles coñecer a situación en que se atopaban os distintos centros, e dende a Comisión de Escolarización informouse de que había dúas ou tres prazas en Sigrás, quince o dezaseis en Brexo-Lema, e que non quedaba ningunha vacante nin no Portofaro, nin no Graxal II, onde se ocuparon as 50 prazas ofertadas.

Di que se falou da posibilidade de habilitar a aula que xa o ano pasado se habilitou no centro socio-cultural do Graxal, que o concello non puxo problemas para iso, pero que despois apareceron máis solicitudes. Baralláronse varias posibilidades, como foi poñer outro módulo ou buscar outro local. Tanto a Delegación de Educación, como a propia directiva do colexio

do Graxal dixeron que non eran partidarios do módulo, porque se reducía moito o espazo do colexio, e polos problemas que podían ocasionar as obras para a ampliación do colexio.

Continúa dicindo que o concello buscou un local cercano e atoparon un baixo xusto en fronte do colexio, que só requiría unhas pequenas reformas, como abrir unhas fiestras, e facer uns servizos. Unhas reformas que son as mesmas que haberá que facer no colexio de Brexo-Lema, e que asumirá o concello. Pero a pesar disto, a Delegación non aceptou ese local e preferiu escolarizar aos nenos nun centro escolar no que había prazas e que considerou máis axeitado.

Dona M^a Jesús González Roel di que hai meses o seu grupo xa preguntou nun pleno sobre este tema, porque xa se sabía que existía este problema. Xa o tiveron o ano pasado e este ano acentuouse máis, e máis que se vai acentuar o vindeiro ano. Preguntaron como se ía solucionar e contestáronlles que se ía buscar solución para estes nenos no mesmo barrio. Agora atópanse con nenos de tres anos que teñen que trasladarse a máis de seis quilómetros do seu domicilio. Nenos que saen da súa casa ás 8:00 da mañá, e regresarán ás 15:00 h sen ter comido, porque non hai comedor. Parécelles que hai que buscar outra solución a isto, que se explique suficientemente por que non se acepta un barracón, habilitar o centro socio-cultural, ou por que non se permite utilizar ese outro baixo que se buscou.

Don Jaime Manuel López Lisnier explica que cando lles contestaron isto dende a Delegación de Educación, o concello reclamou que volveran a reconsiderar as posibilidades, e volveron contestarlles que esa era a súa decisión.

Dona M^a Jesús González Roel pregunta por que non reciben na Delegación aos pais, que pediron ao Sr. alcalde que tramitase unha cita entre o delegado e os pais, para que estes puideran expresar persoalmente as súas preocupacións e problemas.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que esa cita pediuse, e que non recibiron resposta.

O Sr. alcalde informa que esta mesma mañá chamou de novo ao delegado, e non está polo labor de recibir nin ao alcalde nin aos pais. Dixo que a decisión está tomada, aínda que o que se vai ter que gastar en Brexo-Lema é o mesmo que se tería que gastar no Graxal.

Continúa dicindo o Sr. alcalde que a unha señora que veu a velo hai uns días díxolle que el está disposto a ir a ver ao delegado o luns, porque non lle parece unha resposta que lle digan que non están dispostos a recibilos porque a decisión está tomada. Pensa que se esa decisión

é mellorable hai que tentar melloralala, e que a Delegación debería aceptar a proposta do concello de ceder un local ou alugar algún. Di que vai seguir insistindo, porque o problema é gordo, ademais esa decisión supón facer unha reforma en Lema nos meses de xullo e agosto, o que vai ser bastante difícil.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que a falta de sensibilidade de Educación é total e absoluta, porque este é un dos concellos, xunto con Ames, onde máis nenos están nacemento cada ano. Di que non hai dereito a que non se teñan colexios e que agora, cun problema que xa está enriba, non busquen unha mellor solución e poñan pegas a todo.

Continúa dicindo que, dende o grupo municipal popular, pónense a disposición de acompañar aos pais e aos representantes do concello a onde faga falta, porque os nenos teñen que ser escolarizados no Temple, e engade que quere dar lectura a unha carta que lles enviaron as nais, co seguinte contido:

“Nós, como pais e responsables da saúde e benestar dos nosos fillos, e con respecto á decisión que alguén tomou sobre os nosos fillos de tres anos, para que asistan ao colexio Emilio González López, de Brexo-Lema, expoñemos o seguinte:

Non podemos permitir que os nosos fillos de tres anos percorran máis de seis quilómetros para asistir ao colexio, tendo dous centros escolares na parroquia onde viven e desenvolven a súa vida diaria.

Non podemos permitir que estean sen comer nada dende as 8:00 da mañá ata as 15:30 da tarde que chegan a casa, debido a que o centro escolar, que foi asignado en contra da nosa vontade, non conta co servizo de comedor.

Non podemos permitir que os nosos fillos paguen as consecuencias dunha pésima planificación política en materia de Educación, e da ineptitude duns responsables políticos que, cando xurde un problema como este, a norma é darnos largas e pasarse a pelota uns aos outros, como foi o caso ata agora.

Por todo isto esiximos ao Sr. alcalde, don Antonio Varela Saavedra, e ao equipo de goberno local, que dunha vez por todas nos escoite e nos dean unha solución racional e inmediata ao problema dos nosos fillos”.

3º Ante o estado de paralización de moitas das obras que se están a levar a cabo no noso concello e a lenta execución das restantes, solicitamos se nos informe do estado actual de execución de todas as obras que se están realizando en Cambre e os prazos previstos para a súa finalización.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, enumera o estado das seguintes obras:

- Xa se ten acabado a senda peonil nun treito da estrada AC-214, entre o Mesón Vasco e a N-550.
- Están coa senda peonil da estrada AC-214, Cambre-A Castellana, e prevese que estea terminada nun mes ou dous.
- A ampliación das redes de saneamento e abastecemento de auga en Anceis, Piñeiro e San Lourenzo ten previsto un prazo de seis meses.
- A urbanización da praza Manuel Murguía, dous meses e medio.
- O saneamento da Costa da Tapia, tres meses.
- O cruzamento da AC-211 con tubos de saneamento de diámetro 900, no Temple, 1 mes.
- A pavimentación no contorno da piscina da Barcala, recepcionarase en breve.
- O proxecto básico e de execución dun módulo de vestiarios e oficina no local da brigada de obras do concello, sito no polígono industrial de Espíritu Santo, seis meses.
- A reurbanización da rúa Polígono (O Temple), seis meses.
- A seguridade viaria na estrada AC-214, Cambre-O Caneiro, tres meses.
- A seguridade viaria de andén peonil en estrada AC-214, en Pravio, tres meses.
- O saneamento en Pombo, Cobelo e Fabás, foi adxudicada recentemente.
- Está pendente adxudicar a obra de saneamento e abastecemento en San Paio, e renovación de firme en San Paio, Pousadoira e outros, do POS 2008.
- Xa se rematou a remodelación das beirarrúas das rúas Constitución e Padre Feijoo.
- Están pendentes de orzamento os caudalímetros no saneamento de Aián (Sigrás).
- Tamén a travesía de acceso ao cemiterio de Cambre.
- O colector na marxe do río Mero, de Augas de Galicia.
- Tamén de Augas de Galicia a rede de colectores secundarios e estacións depuradoras do Concello de Cambre.
- Arranxos nos bombeos do Temple e Cela.
- Proxecto de acondicionamento hidráulico do río Mero, entre o encoro de Cecebre e a súa desembocadura na ría do Burgo, que se prevé rematar agora en xuño.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, solicita copia dese informe por escrito, e a concelleira do PSdeG-PSOE acepta.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 7878 o día 23 de xuño de 2008.

1º As reducidas dimensións do comedor instalado no CEIP Portofaro, con só 84 prazas mentres o colexio conta con máis de 400 alumnos, pode provocar que queden nenos e nenas sen poderen utilizar este servizo. Solicitamos que se arbitren as medidas para que iso non ocorra, recorrendo se é necesario ao establecemento dunha segunda quenda.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro do PSdeG-PSOE, contesta que esa quenda está pedida, concretamente neste ano pediuse en catro ocasións por escrito aos organismos competentes da Xunta de Galicia, e di que a única resposta que obtiveron foi por teléfono cando lles comunicaron que se mantiñan as 90 prazas actuais para o vindeiro curso. Volveron reiterar a petición noutro consello escolar do mes de xuño, e non houbo resposta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que se alegra de que se fixeran os trámites, pero que hai situacións en que non se poden quedar simplemente no que hai que facer, como se fosen uns funcionarios máis, e isto serve tamén para o seguinte rogo que teñen presentado. Di que hai que facer máis, que está claro que van quedar familias que queden sen que os seus fillos poidan usar o servizo de comedor o vindeiro ano, e que aquí están falando de que a política de abrir comedores, de abrir servizos, como se fixo na pasada lexislatura co programa mañanceiro, é unha decisión política apoiada por toda a corporación, e tamén polos pais e nais, co obxecto de mellorar a conciliación da vida laboral e familiar. Pensa que vai ser un fracaso de todos, colectivamente, se se permite que no comedor do Portofaro, o como despois van falar, no Graxal, queden nenos sen poder dispoñer dos servizos.

Continúa dicindo que as iniciativas que deben partir do goberno teñen que ser algo máis que enviar papeis e solicitudes, e despois agardar a que contesten. Hai que ser valentes e botarse adiante, e di que para iso pensa que van poder contar con todos eles, e dendo logo coas familias afectadas. A Delegación de Educación ten que tomar decisións non só burocráticas, senón tamén políticas, e haberá que demostrarlles que en Cambre non están dispostos a retroceder nos dereitos e condicións de benestar polos que estiveron facendo un esforzo moi

importante con diñeiro público de Cambre, para que todas as familias poidan gozar deses servizos, ir a traballar e ter os nenos atendidos.

Conclúe pedíndolle ao Sr. concelleiro de Educación que se poña á cabeza das reivindicacións, que para iso vai ter a todos con el.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que os pasos legais que había que dar, xa se deron, e con suficiente antelación. Están pendentes da contestación, porque remitíronlle á Xunta o número de rapaces que poden ter o ano que vén. Saberán a resposta o día 30, e teñen ata o día 1 de setembro para tentar solucionar este problema, pero están loitando con iso. Di que o problema non vén do concello, senón que pensa que é máis ben de tipo económico. Na Xunta teñen un número determinado presupuestado, e din que este ano non poden pasar dese orzamento, iso é o que se desprende da contestación que lles dan.

Explica que, tanto polos escritos que se enviaron, como polas veces que se falou coa Delegación, por teléfono e persoalmente, teñen coñecemento suficiente do que pasa en Cambre.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que non dubida que teñan coñecemento, pero que ese non é o problema. O problema está en que teñen coñecemento e aínda así, curtan no mesmo punto que tiñan pensado curtar. Se non teñen orzamento suficiente deberían ampliálo. Di que lle gustaría ter unha copia dos escritos que se enviaron, e que non está suxerindo que se adopten medidas ilegais, o que está dicindo é que haberá que exercer o dereito que teñen de presión e de manifestación, para que se enteren de que non están dispostos a que quede un so neno sen o servizo de comedor, ademais, o Concello de Cambre tamén meteu moito diñeiro nese comedor, un comedor que naceu dun convenio que se fixo hai tres anos, segundo o cal o Concello de Cambre gastaba diñeiro no comedor do Graxal, e a Delegación comprometéase a montar o outro.

2º Como era de agardar, son varias as familias que quedan sen praza para os seus fillos no colexio do Graxal. A opción que se lles deixa é o traslado a outro colexio que, ademais da distancia, acumula o problema de carecer dos servizos de conciliación que si teñen o resto dos colexios do concello. E isto, a pesar dos compromisos adquiridos polo responsable municipal de educación de que ían atopar unha solución para o novo curso no mesmo barrio.

Solicitamos que se atopen solucións que, aínda que provisionais, permitan a estas familias escolarizar aos seus fillos no barrio, e contar cos servizos de almorzo e xantar, imprescindibles para poder conciliar a vida familiar e laboral.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro do PSdeG-PSOE, di que esta pregunta xa está contestada, pero que o que si está claro é que non se garantizaba, aínda que todos os nenos foran escolarizados nese colexio, que foran ter dereito a comedor, porque hai unha grande escaseza de prazas. No Graxal hai asignadas unhas 120 prazas, das que este curso só quedan vacantes oito ou dez que deixaron libres os alumnos de 6º que se van. Dado que entran 50 rapaces de tres anos, nin sequera vai haber prazas para todos eles.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, contesta que é certo que unha gran parte do debate xa tivo lugar co rogo presentado polo PP, e que el sabe, por propia experiencia, que ter a responsabilidade de Educación nun concello como é Cambre, non é nada fácil, pero o que si se vén demostrar agora é que a idea que tivo el no seu día, que era implantar os comedores en todos os colexios, incluído o Portofaro, non ía tan desencamiñada, porque un ano e medio despois de que non contara con demasiado apoio para levar a cabo aquilo, parece que as prazas que hai xa son insuficientes, o que demostra que a liña seguida non era totalmente equivocada.

Pensa que o que hai que pedir ao concelleiro de Educación, ao Sr. alcalde, e a todo o goberno, é que faga algo máis. Non chega simplemente co trámite burocrático, coa solicitude e a petición, e con aceptar o que nos digan dende a Delegación de Educación, senón que haberá que plantarse alí e dicirlles que non están dispostos a que ningún neno quede sen clase e sen os servizos fundamentais, e para iso o concelleiro vai ter o apoio de todos.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que as conversas que se tiveron co delegado de Educación foron precisamente nese sentido, apoiar que se puideran escolarizar aos nenos no Temple.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que o que realmente é unha mágoa é que el tamén ten algún dos escritos que as nais lles dirixiron por estes temas, e neles expoñen que se sentiron enganadas polas promesas feitas. Di que el sabe que non hai unha variña máxica que o vaia solucionar todo, pero o que lle pide ao Sr. Lisnier, por terceira vez nesta sesión, é que se poña á cabeza das reivindicacións, e que vai ter detrás del o apoio de todos, dos representantes dos grupos políticos municipais, das nais e dos pais. Que non acepte de bo grao as respostas da Delegación, e que se o problema é de carácter económico, e a Xunta

non quere ampliar o seu orzamento, entón que sexa o concello o que faga un esforzo orzamentario, que polo menos co apoio do BNG para iso vai contar, para manter os servizos de conciliación no Concello de Cambre.

Conclúe dicindo que non hai que olvidar que o problema non é só nos colexios de Cambre, no Portofaro e no Graxal, senón que tamén é un problema no Torrente Ballester de Sigrás, no que tamén pode quedar xente fóra do servizo.

3º O funcionamento e resultados da Comisión Informativa Especial do Plan Xeral non é satisfactorio. Nun ano de lexislatura apenas fixo outra cousa que corrixir os erros do informe de impacto ambiental elaborado polo equipo redactor. Mentres tanto continúaase a facer planeamento á marxe dos criterios de racionalidade e de legalidade dos que se ten falado na comisión. Proba diso son as tramitacións de plans sectoriais baseados en cualificacións herdadas das obsoletas normas subsidiarias do 94. Con criterios de sustentabilidade cero e con nula reversión de beneficios para os intereses xerais. Solicitamos que se convoque coa máxima urxencia esta comisión e que inclúa na súa orde do día a análise das figuras de planeamento que están en curso co fin de que se ditamine sobre a súa utilidade e oportunidade.

O Sr. alcalde di que se acepta.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 7849 o día 21 de xuño de 2008.

1º No lugar de Graduil nas inmediacións das naves industriais, sobre todo na súa explanada principal, os espazos existentes atópanse nun estado de total abandono no que se refire ao coidado e mantemento do solo, o que produce que gran cantidade de po en suspensión, ocasiona un prexuízo para as persoas que viven nas inmediacións, e tamén para as súas vivendas.

O noso grupo prega ao goberno municipal, realice as xestións necesarias para corrixir estas graves deficiencias que diariamente teñen que soportar os veciños/as, e se adopten as medidas que correspondan para acondicionar o lugar mencionado.

O Sr. alcalde responde que están tendo reunións cos empresarios para tratar de dúas cousas, por un lado, da posibilidade de que se trasladen ao polígono, unha vez se execute o Plan

Xeral, e por outro, de como paliar os problemas de hixiene, pavimentación e iluminación, para isto último quedaron con eles en que fixeran unha valoración e que a trouxeran ao concello, para ver que parte correspondería achegar aos veciños, aos empresarios e ao propio concello. Están agardando esa valoración para ver a posibilidade de mellorar a situación. O concello prestou os servizos técnicos para facer a valoración, xa estiveron os de Gundín, e están agardando a ver que decisión toman.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que el entende que os veciños non teñen que achegar ningunha cantidade de diñeiro, si os empresarios, pero non os veciños que son os que sufren as consecuencias do po que se produce alí. Esa é unha cuestión que se ten que arranxar dende o concello, en colaboración cos empresarios.

Engade que esta é unha cuestión que xa chove sobre mollado, porque levan con esta situación 12 anos, e os veciños non ven que se solucione nada do problema que todos os días teñen alí. Por todo isto, o seu grupo prega para que se solucione canto antes, porque senón é probable que no vindeiro pleno vexan aos veciños de Cela protestando durante a sesión.

2º Nalgúns lugares do concello, onde habitualmente se celebran as festas, existe unha demanda dos veciños/as e das propias comisións organizadoras, reclamando a dotación de servizos hixiénicos de uso público, por ser lugares de gran concorrencia de persoas nas datas dos eventos.

Pregamos que se leve a cabo a instalación de servizos hixiénicos públicos provisionais, nos lugares onde se desenvolvan festexos públicos.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que cando as comisións de festas o solicitan, se lles poñen, e que todas as solicitudes que dende Cultura foron remitidas á súa concellería, foron atendidas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que, con independencia de que o soliciten ou non, debería ser unha obriga do concello prestar este tipo de servizos, debe ser algo que parta do concello, sen necesidade de que o pidan as comisións de festas, porque é un servizo de primeira necesidade, e por iso a súa proposta é que se habiliten espazos para instalar estes servizos.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 7847 o día 21 de xuño de 2008.

1ª No grupo municipal do Partido Popular tiveron coñecemento de que ningún representante do goberno municipal participou nos últimos plenos do Consorcio das Mariñas. Que proxectos están na actualidade tramitándose por esta entidade que beneficien a Cambre? Cal é a valoración do equipo de goberno sobre o seu funcionamento? Que perspectivas de futuro ten o Consorcio das Mariñas a xuízo do goberno municipal?

O Sr. alcalde di que pensa que o papel do Consorcio é importantísimo dentro da unión dos concellos, e que todos saben perfectamente que para conseguir algunhas cousas hai que estar unidos, é imprescindible ter unha poboación ampla.

Explica que se pediron toda unha serie de obras e melloras que se están a facer, en concreto en Cambre conseguíuse unha achega de 260.000 euros para poder adquirir a Fraga de Cecebre, cun financiamento a tres anos, que foi aprobado en outubro. Tamén hai outra serie de cousas máis dinámicas que se van facer, como por exemplo, dende o Consorcio, a través da Consellería de Traballo e doutros estamentos, implantar cursos de formación. Di que tamén é esencial mellorar o servizo de recollida de lixo.

Continúa dicindo que aínda que se está empezando, parécelle que o Consorcio está a facer cousas, e que Cambre, coa achega para a compra da fraga, foi un dos concellos máis favorecidos, porque pensa que esa adquisición é unha ilusión de todos.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, sinala que o seu grupo solicitou nas comisións informativas do pasado martes, que se instalasen suxeicións en todos os colectores, debido ao risco que supoñen. A resposta do Sr. alcalde foi que xa llo tiñan comunicado ao Consorcio, pero el pregunta cando se comunicou, porque sabe que os representantes do concello non asisten ás sesións do pleno do Consorcio, por exemplo, non acudiron á última sesión.

O Sr. alcalde responde que, aínda que algunha vez se poida fallar, si que se asiste ao Consorcio.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta por que se está a falar de cousas como que en Cambre se van a instalar uns depósitos que Culleredo non quere. Tanto o PP, como outros grupos municipais, xa preguntaron por este tipo de cousas que se fan dende o Consorcio.

Tamén pregunta que fan os representantes de Cambre no Consorcio, porque por exemplo fálase de que os veciños de Arteixo van pagar menos pola recollida de lixo, cando en Cambre se sabe que os veciños pagaron, no seu momento, máis que noutros concellos, porque en palabras do Sr. Arcay, anterior concelleiro de Facenda, son máis solidarios, e pagaban máis, por exemplo, que os de Abegondo. Por todas estas cousas, é polo que dende o PP se preguntan que van facer os membros do equipo de goberno ao Consorcio.

O Sr. alcalde contesta que alí van a traballar en todos os asuntos que se traten. Respecto do tema do depósito, falouse de instalar un depósito na Estorrentada, para solucionar que o que existe na actualidade no campo de fútbol sexa moi pequeno, de xeito que cada vez que hai unha avaría só se teña auga para 12 horas, e do que se falaba era de ampliálo cun depósito de 8.000 m³. O tema dos depósitos dos que se fala en Culleredo non se van instalar en Cambre. En Cambre instalaríase un depósito similar ao que se está instalando agora en Lema, pero nunca se falou dos grandes depósitos de Emalcsa. Además di que esta empresa conta con terreos na Zapateira, e pensa que segue facendo as xestións para instalar os seus depósitos en Almeiras, e que o problema que teñen non é polos terreos, senón polo custo que supón o consumo eléctrico e poder bombear auga a eses depósitos.

Conclúe dicindo que en canto aos prezos de recollida de lixo son iguais para todos os concellos, que é verdade que hai concellos que pagan menos, pero que é porque só se recolle o lixo un día ou dous á semana.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pide ao Sr. alcalde que explique iso de que o Consorcio vai financiar a compra da Fraga de Cecebre.

O Sr. alcalde contesta que ese plan sae dunha comisión que existe para a recuperación turística xunto con outra serie de proxectos a prol dos concellos que integran o Consorcio, e dos que lle dará unha copia ao resto dos grupos municipais. Trátase dunha serie de proxectos para financiar con fondos do Estado.

O Sr. Cubeiro pide ao Sr. alcalde que explique por que non acuden os representantes do Concello de Cambre aos plenos do Consorcio.

O Sr. alcalde responde que o normal é que asistan sempre, agás casos moi puntuais.

2ª De que cantidades dispón na actualidade a Tesourería do Concello de Cambre? En que entidades bancarias se atopan depositadas? Fíxose algún traslado nos últimos meses dun banco a outro? Cal foi o motivo disto último?

Dáse por contestada coa moción urxente presentada polo PP.

3ª Nas últimas datas tivo lugar no Concello de Cambre a semana do medio ambiente EcoCambre'08 que segundo a prensa pretendía ser un lugar de debate medioambiental. A que conclusións chegou o equipo de goberno coas actividades realizadas? Algunha delas beneficiará a Cambre? En que sentido? Cal foi o custo total da organización da actividade?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que a campaña de medio ambiente EcoCambre realizouse a primeira semana do mes de xuño, co obxectivo de poñer en marcha unha nova política medioambiental que mellore e fomente o coidado do medio ambiente. Dentro dos actos que se levaron a cabo houbo un encontro dirixido a empresarios e cidadáns. Nos colexios de educación primaria explicouse aos máis pequenos a importancia que ten preservar o medio ambiente. Nos institutos repartíronse perlizadores, e deuse unha charla sobre o consumo responsable da auga.

Considera que o beneficio foi grande, porque ao achegarse á empresa, aos mozos, e en xeral aos cidadáns de Cambre, obtívose unha aproximación clara das demandas e necesidades deses colectivos.

Di que agardan que a posta en marcha do blog, que tivo lugar o día 5 de xuño, facilite a aproximación do cidadán e a empresa ás prácticas sostibles.

En canto ao custo da actividade, di que foi aproximadamente de 6.800 euros, ademais, para sufragar estes gastos, solicitouse unha axuda á Consellería de Medio Ambiente.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que a pesar de ter dentro do concello o encoro de Cecebre e a planta de tratamento da Telva, Cambre é o único concello da área metropolitana que sofre restricións en verán, porque ten unha rede insuficiente e vella. Di que quixera saber se no EcoCambre se tivo en conta iso, e se trataron o tema de que Cambre ten unha rede obsoleta e que cando se aumenta a presión no verán se perde unha importante cantidade de auga.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín responde que foi unha pena que o Sr. Cubeiro non acudise ao almorzo de traballo que tivo lugar. Precisamente quere agradecer a súa colaboración aos empresarios de Cambre e do Temple que si acudiron, e dille ao concelleiro do PP que lle contestará por escrito, dado que perdeu a súa oportunidade de facer estas preguntas na citada reunión.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que el non é presidente de ningunha asociación de empresarios, senón dunha comunidade de propietarios, unha comunidade que se ten que encargar da limpeza das rúas, ou da poda das árbores, ou de cambiar as bombillas, porque o concello non o fai. E que parte do seu labor como concelleiro é facer as preguntas que considera necesarias.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín reitéralle que lle contestará por escrito.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 7879 o día 23 de xuño de 2008.

1^a Por parte dos medios de comunicación estamos recibindo a diario informes sobre a imputación do concello de Cambre na contaminación por vertidos á ría do Burgo. Esta abundosa información contrasta co silencio do goberno local, do que aínda estamos pendentes de que informe con detalle deste asunto. Por exemplo do resultado das análises encargadas e das medidas que se están a tomar para evitar os vertidos.

Cales son as medidas adoptadas, cales son os resultados deses informes e cal é a situación do proceso xudicial aberto respecto ao noso concello?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que xa nas comisións informativas lles entregou un informe de todas as accións que se tomaron neste sentido, e tamén nun pleno anterior lles entregou a todos os grupos políticos municipais os resultados das análises encargadas a Emalcsa e á Universidade da Coruña.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, contesta que é certo que lles entregou eses resultados, pero precisamente naquel pleno díxolles que non podía dicir nada sobre eles porque os acababa de recibir, e quedaron en que viría a un pleno a explicarlles as conclusións acadadas. Dille que aínda están agardando por elas, que teñen o papel técnico

que lles enviaron, pero queren coñecer a súa valoración e conclusións sobre os resultados das análises.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín responde que as analíticas feitas non dan un alto índice de contaminación, que o que si hai son algunhas malas conexións de fecais a pluviais nalgúns edificios, e para arraxar iso estase metendo unha cámara robótica pola rede de saneamento do Graxal e do Temple. Pero di que non hai vertidos directos á ría.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo reconece que o estado das redes que hai na parroquia do Temple non é culpa da concelleira, que só leva aquí un ano, pero o seu grupo fai esta pregunta porque hai falta de información, e porque hai unha preocupación que xa ten expresado en máis dunha ocasión. Ademais a actitude do goberno é enrrocarse, non queren dicir as cousas, cando hai un perigo moi serio, como é estar provocando vertidos á ría por malas infraestruturas do concello, e tamén porque están imputados nun proceso xudicial e poden impoñer ao concello unha importante sanción económica. Pregunta cal é a situación dese procedemento xudicial e pide que se informe sobre o que se está a facer.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se remitiron á Fiscalía todos os informes técnicos e todos os informes sobre as accións que se están levando a cabo, como por exemplo a renovación de redes antigas no Temple.

2^a Cales son as previsións do alcalde en canto á presentación e aprobación do orzamento xeral do concello para o ano en curso?

O Sr. alcalde contesta que a previsión é que o vindeiro mes se aprobe o orzamento.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que iso é o que esperan todos.

3^a O desafortunado accidente que tivo lugar o 11 de xaneiro no Graxal, a pesar de que non provocou danos persoais está aínda a tempo de os provocar. E non será porque veciños e grupos políticos non levemos insistindo, unha e outra vez, sobre o lamentable estado da zona. Están a punto de se cumprir seis meses do accidente e, a situación das beirarrúas fronte ao edificio segue exactamente igual. Cos veciños tendo que atravesar unha especie de ponte levadiza sobre o foxo que rodea as vivendas, con entullos, valos e material de construción que semellan formar parte da decoración do lugar. No pleno extraordinario do pasado mes de maio, desde o BNG insistimos nesta situación anormal e, acompañando aos veciños o pasado venres, puidemos comprobar que todo sigue igual. Ademais as beirarrúas están

intransitables. Case non se pode andar por elas e, resulta imposible para alguén cun carriño de nenos ou para unha persoa con discapacidade. Iso si, os coches seguen a aparcarse como se nada no pouco de beirarrúa que queda, os peóns non importan.

A que espera o goberno municipal para restituír as condicións de accesibilidade e eliminar os perigos para as persoas nas beirarrúas do paseo marítimo do Graxal?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira do PSdeG-PSOE, contesta que como xa sinalou en plenos anteriores, a reunión con Fenosa vai ter lugar o día 1 de xullo, no centro socio-cultural do Graxal, e xunto coa intervención do colexio de enxeñeiros, tentarán aclarar todas as dúbidas dos veciños. Unha vez feito isto, tomarase unha decisión co acordo dos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que o que el estaba preguntando non era iso. Pensa que está ben que se establezan todos os debates e discusións técnicas necesarios para eliminar a inxerencia da xente, pero que polo que preguntan eles agora é pola beirarrúa que hai naquel edificio, que segue exactamente igual que hai case seis meses, cando tivo lugar o accidente, e iso que se trata de dominio público, non dun terreo privado.

Manifesta que, na súa opinión, o que se debería facer é ordenar á empresa que tape as gabias, aínda que sexa con area, para que non supoñan o perigo que agora están supoñendo, e que se a empresa non o fai, que o faga o concello subsidiariamente. Di que o que non se pode é ter unha beirarrúa aberta durante case seis meses. O venres pasado os veciños mobilizáronse na zona, é certo que non eran moitos, e que os que os acompañaban eran os grupos da oposición, pero pensa que mañá teñen pensado reunirse outra vez, e cre que é triste que pase iso cando o único que se tiña que facer é tapar as gabias cun montón de area, e logo, cando se solucione o conflito coa empresa, volver abrir. Esa é a recomendación que lle fai ao equipo de goberno.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 7849 o día 21 de xuño de 2008.

1^a O incremento demográfico e a falta de prazas escolares, está ocasionando serios problemas de escolarización para nenos/as de primeiro curso de educación infantil nos colexios do Graxal II e Portofaro, de maneira que varias familias veríanse obrigadas a efectuar considerables desprazamentos, que supoñen un esforzo para os nenos/as e as súas

familias, que pode chegar a impactar negativamente na conciliación da vida laboral e familiar, o que resulta impropio nunha sociedade moderna.

Que actuacións ten previsto emprender o goberno municipal para garantir no curso escolar 2007/2008 unha escolarización racional aos alumnos/as de educación infantil que non teñen praza nos mencionados centros?

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, sinala que supón que a resposta a esta pregunta vai ser a mesma de antes, se é que houbo algunha. Chegados a este punto, o seu grupo municipal quere amosar o seu total apoio e ánimo ás familias afectadas. Tamén quere dicir que este non é un problema puntual, é un problema que xa existía, e que se debe ter en conta que agora está previsto que cheguen ao barrio sobre 150 novas familias, e que o problema que agora hai con seis ou sete familias, dentro de dous anos pode ser o problema con 100 ou 200. Manifesta que moito disto ven derivado dun crecemento incontrolado, consecuencia dun urbanismo tamén incontrolado, e ademais, o problema non é só escolar, senón que tamén é un problema sanitario, de infraestruturas, etc.

Conclúe dicindo que non poden estar contentos, e pensa que os pais tampouco poden estar contentos con que aos seus fillos os metan en barracóns, porque o que se reivindica non é que haxa que escolarizalos por escolarizalos, senón que o que se pide é que se faga en condicións dignas, porque non se pode olvidar que hai moitos nenos do Graxal que están en barracóns, en casetas de obras, e iso tamén hai que eliminarlo.

Solicita, por favor, que se faga algo con esta situación, porque este é un problema que vai ir a máis, e quere ofertar, non só palabras, senón todo o apoio que poida prestar o seu grupo político ás familias afectadas, para todo o que poidan necesitar.

2ª En data de tres de xuño, os medios de comunicación publicaban unha información de EMALCSA, sobre a proposta de construír depósitos de auga na zona da Estorrentada en Cambre.

Que información ten o concello sobre a construción da importante infraestruturas en terreos do noso concello?

O Sr. alcalde contesta que é o que xa se falou antes. A idea era facer un depósito como o que se está facendo en Lema, que estaría á altura entre a Estorrentada e o campo de fútbol, para

substituír o que hai. Iso é o que se tiña programado en principio. De momento todo está en estudo, non se sabe nada, pero non iría máis aló diso.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que das palabras do Sr. alcalde entende que está negando o que poñía a prensa, que se refería á instalación dos depósitos que os veciños de Almeiras rexeitaban.

O Sr. alcalde contesta que así é, que se trataría de facer un depósito similar ao do Brexo-Lema, nada máis.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que, como xa antes se falou do tema, e como xa o tiña solicitado noutro pleno, gustaríalle contar con copia das actas das sesións do Consorcio das Mariñas, porque cre que os representantes dos veciños de Cambre teñen o dereito e o deber de transmitir a eses veciños os acordos que se adoptan no Consorcio, e que están directamente relacionados cos seus intereses, por iso volve solicitar ao Sr. alcalde que lles entreguen copia das actas ou que se lles informe puntualmente nos plenos do que se trata no Consorcio das Mariñas.

3ª Que información ten o goberno municipal sobre a posible eliminación do servizo permanente de ambulancia no centro de saúde de Cambre?

O Sr. alcalde contesta que non teñen ningunha información nese sentido, ao contrario, hai tres días que estiveron aquí, e o único que pediron foi que o concello buscase un lugar cercano onde instalar aos choferes, porque a casa na que están agora, que foi prestada polos seus donos, está en mal estado. Pero nada lle dixeron de sacar o servizo de Cambre, un servizo que é dos que máis traballa da zona.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que el non nega que sexa un servizo que traballe ben, e é evidente a súa necesidade para o concello, pero si existen algunhas queixas sobre o lugar en que están situados, e a iso se refería coa pregunta. Pensa que hai bastante malestar polo sitio en que se atopan. Segundo as súas informacións, hai outros concellos da área metropolitana que están ofertando outro tipo de instalacións, co risco de que se trasladen a eses lugares, o que sería moi grave para Cambre.

O Sr. alcalde responde que quere deixar claro que esa é unha empresa privada, que paga o Sergas para prestar un servizo. A ambulancia ten a súa base fronte ao centro de saúde, e a empresa ten que ter un local para durmir e descansar os condutores, un local que ten que

pagar a empresa. O concello brindouse a colaborar con eles, pero de momento non hai locais cerca, e mentres non se cambie Correos non hai outro sitio. Nun principio prestáronlles a casa onde están, que non lles custa nada, agora viñeron para ver a posibilidade de alugar algún local nos edificios da zona. Pero a empresa é a que debe buscar un local para os seus empregados, se o tivese o concello estaría encantado de ofrecelo, pero iso non é unha razón para que marchen de aquí. Di que quedaron en ver, conxuntamente, onde podería haber un piso ou un local pequeno.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que a súa intención foi poñer este problema sobre a mesa, porque lle informaron que se corría o risco de que o concello quedase sen o servizo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia